

Concello de Outes

Expediente núm.: 330/2023

Procedemento: Selección de Persoal e Provisión de Postos

ASUNTO: BASES SELECCIÓN 2 OPERARIOS DE SERVIZOS MÚLTIPLES CON PERCEPTORES DA RISGA DE OUTES

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D. Manuel González López, alcalde do Concello de Outes (A Coruña), na data que figura ao marxe, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**:

Vistos os informes e demais documentación recollidos no expediente citado no encabezamento, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Avocar para este trámite concreto a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante Resolución 2019-0171, do 28 de xuño, motivada pola urxencia e interese económica e social consonte o artigo 10.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e por cumprimento dos prazos administrativos.

SEGUNDO.- Aprobar as bases de selección e a correspondente convocatoria para a contratación de 2 operarios de servizos múltiples entre os usuarios da RISGA de Outes, co seguinte teor literal:

“BASES DA CONVOCATORIA PARA CONTRATAR 2 OPERARIOS DE SERVIZOS MÚLTIPLES ENTRE PERCEPTORES DE RISGA EN OUTES”

1º) OBXECTO DA CONVOCATORIA.

A selección de 2 operarios de servizos ao abeiro da Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA, e aproba a súa convocatoria para o exercicio do ano 2023, publicada no DOG núm. 22, do 1 de febreiro de 2023.

2º) NÚMERO DE PRAZAS.

2 operarios servizos múltiples.

3º) TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO. RETRIBUCIÓN



Concello de Outes

Contratos laborais temporais, ao 75 % da xornada laboral, coas cláusulas específicas de interese social, para a realización de servizo determinado -operarios brigada municipal de servizos múltiples-

A duración do contrato será do nove meses e iniciárase antes do 16.06.2023.

Retribucións en salario bruto:

Xornada parcial (75 %): 1441,91 €/mes incluíndo o prorrateo das pagas extras e demais complementos salariais.

4º) OBXECTO DO CONTRATO.

Desenvolvemento dos traballos propios de operario/a de servizos múltiples na brigada municipal de obras e servizos.

5º) REQUISITOS XERAIS DOS ASPIRANTES.

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, que deberán manterse tanto no momento da selección como no da formalización, no seu caso, do contrato:

1.- Atoparse en situación de desemprego (segundo esixe a antedita Orde de axudas).

2.- Requisitos xerais para o acceso ó emprego público:

a) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non superar a idade máxima de xubilación forzosa.

b) Posuír capacidade funcional para desempeñar as tarefas propias dos postos de traballo.

c) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións públicas ou dos organismos constitucionais ou estatutarios, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por resolución xudicial.

6º) REQUISITOS PARTICULARES DOS PARTICIPANTES.

As persoas traballadoras que se contraten deberán ser, en todo caso, persoas perceptoras da Risga e estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.

Terán preferencia, en todo caso, as persoas perceptoras da Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, as maiores de 45 anos e as que teñan cargas familiares.



Concello de Outes

7º) PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA.

Esta convocatoria publicarase na páxina web do Concello www.outes.gal , ós efectos de transparencia na actuación corporativa.

8º) SOLICITUDES.

Os candidatos serán remitidos polo Servizo Público de Emprego previa solicitude mediante a formulación da correspondente oferta de emprego por parte do Concello de Outes. A lista de candidatos/as remitida polo Servizo Público de Emprego, terá a consideración de lista definitiva de aspirantes, previa aprobación da mesma por resolución da Alcaldía, xa que se trata dun rexistro público no que constan acreditadas as condicións e requisitos para figurar no mesmo.

9º) FASE DE SELECCIÓN.

A fase de selección baséase no sistema de oposición complementado cunha entrevista persoal.

9.1.- Proba teórica: Realizar unha proba escrita de dez preguntas, que consistirá en demostrar o coñecemento da xeografía municipal, os servizos públicos existentes no Concello e tamén nocións sobre o funcionamento da brigada de obras e servizos múltiples municipal. **A puntuación desta proba será avaliada de cero a dez puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de cinco puntos para superación da mesma.**

A baremación da proba será entregada aos opositores antes de comezar a proba.

Temario sobre o que versará a proba

- 1.- Rueiro e toponimia do Concello de Outes.
- 2.- Edificios singulares, históricos e oficiais. Prazas, barrios, vías de comunicación, percorridos a seguir, fontes, ríos.
- 3.- Conceptos xerais de limpeza e fichas técnicas de chans. A suciedade: orixe e eliminación. Clasificación de chans.
- 4.- Sistemas de limpeza: Introducción. Barrido de chans. Fregado con mopa. de. Limpeza de mobiliario. Limpeza de servizos. Limpeza de cristais.
- 5.- Funcións básicas dunha brigada municipal de obras/servizos.

9.2.- Entrevista personal: Consistirá en realizar unha entrevista persoal coa finalidade de comprobar que a persona que poida ser contratada sexa capaz de



Concello de Outes

levar a cabo as tarefas do posto de traballo que se lle encomendarán segundo as bases que regulan este proceso, así como para valorar o cumprimento dos requisitos particulares expresados na base 6º. **A entrevista será avaliada de cero a catro puntos.**

10º) TRIBUNAL CUALIFICADOR:

O Tribunal cualificador estará formado por:

Presidente: D. Andrés Busto Allo (técnico promoción económica) ou persoa que legalmente o substitúa.

Vocal: Dª Juana Pedrosa Leis (educadora familiar) ou persoa que legalmente o substitúa.

Vocal: D. Manuel Rama Dosil (auxiliar servizos sociais) ou persoa que legalmente o substitúa.

Vocal: Dª Sofía Pérez Figueira (auxiliar de urbanismo) ou persoa que legalmente a substitúa.

Secretaria do tribunal: Dª Berta Buján Casanova (coordinadora servizos sociais) ou persoa que legalmente a substitúa.

A técnica de orientación laboral municipal realizará as labores de asesoramento durante todo o proceso de selección.

Os membros do tribunal terán dereito ás indemnizacións por asistencias consonte os artigos 29 e seguintes do Real decreto 462/2002, do 24 de maio. Para este efectos o tribunal inclúese na categoría terceira do artigo 20 da dita norma.

11º) PUNTUACIÓN FINAL E NOMEAMENTO.

Os candidatos/as seleccionados serán aqueles que completen as probas de fase de oposición e da entrevista persoal.

Rematado o proceso selectivo o tribunal formulará a proposta de resolución que conterà os participantes ordenados por puntuación de xeito decrecente, unha vez sumadas as puntuacións das probas recollidas nos apartados 9.1 e 9.2. Á vista da antedita proposta, o órgano competente nomeará os candidatos que obtiveron



Concello de Outes

máis puntuación ata cubrir o número de prazas convocadas. Co resto de candidatos admitidos formaranse bolsas de traballo para cubrir posibles renuncias ou outras vacantes, ou para atender necesidades imprevistas. O nomeamento do persoal seleccionado publicárase na páxina dixital da Corporación.

A bolsa de emprego estará vixente ao longo do periodo de duración do Programa (9 meses)

- Regras de funcionamento da bolsa de emprego:

1) O/A aspirante disporá dun prazo máximo de cinco días hábiles desde o chamamento a través de medios electrónicos para presentar a correspondente documentación. No suposto de non presentación, entenderase que rexeita a oferta e situarase ó final da bolsa. Se o rexeitamento tivese lugar por dúas veces consecutivas, será excluído da bolsa.

2) Naqueles supostos nos que se rexeite a oferta alegando incapacidade laboral transitoria, maternidade ou paternidade, manterase a orde da bolsa. A concorrencia das anteriores circunstancias deberá quedar suficientemente acreditada mediante calquera medio admisible en Dereito.

3) Quen, no seu caso, resulte contratado, volverá a ocupar o mesmo lugar na bolsa de emprego unha vez remate o contrato.

Os aspirantes seleccionados presentarán, no prazo de cinco días hábiles, o certificado médico de non padeceren enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas correspondentes.

12º) FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contrato formalizarase por escrito co aspirante seleccionado no prazo máximo de cinco días des que se publique o nomeamento. O candidato seleccionado presentará certificado médico oficial de estar apto para desempeñar os traballos encomendados. O contrato de traballo quedará suxeito a un período de proba de quince días.

13º) NORMATIVA REGULADORA.

A convocatoria réxese polas presentes bases, o regulamento de selección de persoal laboral da Corporación e as normas reguladoras do persoal ao servizo das Administracións públicas. A presente convocatoria e todos os actos administrativos que dela se deriven estarán suxeitos á Lei 39/2015, do 1 de outubro do



Concello de Outes

procedemento administrativo das administracións pública, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no tocante á contratación estarase ao disposto na lexislación laboral vixente.

O contido da relación laboral réxese polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, polo R.D. legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e as súas disposicións complementarias.

14º) PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

De conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, os datos que se faciliten para participar neste proceso de selección incorporaranse nun ou varios ficheiros cuxo responsable é o Concello de Outes con sede na rúa da Vila n.º 1 A SERRA DE OUTES, onde se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Coa participación no proceso de selección, as persoas interesadas consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello para os efectos da publicidade esixida no procedemento de contratación, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.”

TERCEIRO.- Publicar o texto íntegro das bases da convocatoria que deben rexer o proceso selectivo na páxina web municipal e na sede electrónica do Concello, aos efectos de transparencia na actuación corporativa.

CUARTO.- Convocar aos membros do tribunal para formar parte do órgano de selección da referida convocatoria e que figuran nomeados nas bases reguladoras da mesma.

En Outes, na data que figura ao marxe



O Alcalde

Asdo.-Manuel González López

A Secretaria

Asdo.-Minia Astray Barca

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

